

AUTORES ■ Ofrecerá unha conferencia no Encontro Cidade da Coruña que traerá tamén a Helia Correia

Juan Gelman intervirá o 19 nun ciclo na Coruña

Juan Gelman, Miguel Anxo Murado, Helia Correia, Alberto Manguel e Xabier Docampo participarán no III Encontro Cidade da Coruña de *Literatura e Viaxe*, que organiza o Concello herculino, a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) e a Real Academia Galega.

As conferencias celebraranse no salón de sesións da institución coruñesa os días 19 e 28 de abril, e 5, 11 e 19 maio, baixo o lema *Literatura e viaxe*, cos títulos *Baixo chuvia allea*, *Inventar un lugar en vez dunha historia*, *A poe-*

ra falante, *O camiño da lectura*, e *Viaxes imaxinarias*. Na presentación celebrada onte, a edil de cultura da Coruña, María Xosé Bravo, explicou que son “cinco escritores para percorrer o mundo, un por semana”, e que con esta iniciativa pretenden “buscar o amor pola lectura”.

Bravo destacou a “grandísima calidade” dos cinco escritores que, a través das súas conferencias, “ensinarán todo o que se pode descubrir coa lectura e as viaxes”. Satisfeita de poder “promover a lectura” con este tipo de actividades,

María Xosé Bravo tamén se referiu ao “extraordinario compromiso” que, ao seu entender, mostraron os cinco conferenciantes coa cidade da Coruña.

“Soño que haxa unha Casa museo do escritor”

Pola súa banda, Cesáreo Sánchez, presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, non dubidou en afirmar que é “toda unha alegría” comprobar que este encontro se vai consolidando co que cualificou de participación de “moi alto nivel”, ao tempo que animo a “participar” a todos os cidadáns nunhas conferencias que se celebrarán ás 20.00 horas na sede da Real Academia Galega na herculina rúa Tabernas.

O presidente da AELG expresou que ten un soño, “un soño de que algún día, o mesmo que en Dublín, houbera unha casa museo do escritor en Galicia”. ● REDACCIÓN



Cesáreo Sánchez e María Xosé Bravo, onte na presentación do ciclo